

## FOLLA DE INSCRIPCIÓN NO PLAN REVITALIZA

Nome e apelidos: .....

Enderezo: .....

Horario de contacto: .....

Teléfono de contacto: .....

Correo electrónico: .....

Número de persoas no fogar: .....

Lugar e data: .....

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999 e no R.d. 1720/2007 de protección de datos de carácter persoal, podendo ser incorporados aos ficheiros da Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos na lei no seguinte enderezo: avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios a súa disposición en [www.depo-gal](http://www.depo-gal)

### OBRIGAS DAS E DOS PARTICIPANTES

- Ser veciña ou veciño do concello
- Realizar achegas da materia orgánica producida no fogar e cubrir con estruturante
- Facilitar as tarefas de seguimento e control dos centros de compostaxe comunitaria

### BENEFICIOS

- Colaborar nunha mellora ambiental e económica para a veciñanza do concello
- Recibir formación específica sobre compostaxe
- Recoller o compost obtido nos centros de compostaxe



### RESOLVE AS TÚAS DÚBIDAS

Teléfono de contacto: 886 210 600  
Correo-e: [revitaliza@revitaliza.gal](mailto:revitaliza@revitaliza.gal)



# Apúntate á compostaxe



## revitaliza



## SABÍAS QUE ... ?

- A Unión Europea esixe poñer en marcha plans de separación selectiva do lixo para acadar o obxectivo de reutilización e reciclaxe dun 50 % dos residuos municipais
- Case a totalidade dos concellos de Galicia están por debaixo do 10 % da taxa de reciclaxe
- Máis do 50 % do lixo xerado no fogar é orgánico (restos de comida e vexetais) e pódese compostar

## QUE É A COMPOSTAXE?

É a maneira de converter os restos de comida e vexetais nun fertilizante natural: o compost. Para compostar hai que mesturar os residuos orgánicos con restos leñosos e secos de podas, serraduras ou follas (estruturante).

## POR QUE COMPOSTAR?

A compostaxe é unha alternativa de xestión para os biorresiduos domésticos que permite reducir custos económicos e ambientais.

Évitalles aos concellos os gastos de recollida e transporte do lixo —xa que a compostaxe se fai in situ— e diminúe o gasto no propio tratamento.

Ademais, a compostaxe ten vantaxes ambientais e sociais, xa que:

- Contribúe a reducir a contaminación
- Mellora a recollida selectiva do resto de materiais
- Mellora a saúde da terra e das plantas
- Evita o uso doutros fertilizantes químicos

## COMO COMPOSTAR?

- Separa ben na casa os residuos orgánicos
- Deposita os restos orgánicos no módulo de achega do centro de compostaxe comunitaria máis próximo
- Se trouxeches o teu lixo orgánico nunha bolsa plástica, lembra tirala no colector amarelo
- Cubre os restos orgánicos coa mesma cantidade de poda triturada que atoparás no caixón de estruturante
- Pecha a tapa do módulo de achega

## QUE BOTAR NO COMPOSTEIRO?



- Froitas e verduras
- Carne e peixe
- Pan, pasta e arroz
- Comida crúa ou cociñada e pan
- Cascas de ovos, mariscos, froitos secos
- Vexetais, follas, plantas do xardín
- Papel de cociña branco, sen tintas nin cor



- Bolsas de plástico
- Vidro, plástico, metal ou briks
- Cabichas de tabaco
- Cueiros de bebés, hixiene feminina
- Medicamentos
- Aglomerados de madeira
- Papel e cartón con tinta
- Roupa, téxtil

## QUEN SE OCUPA DE QUE TODO SAIA BEN?

A mestra ou mestre composteiro é a persoa encargada de que a compostaxe se realice correctamente. Vixiará a humidade, a temperatura e a aireación do proceso da compostaxe para aumentar a calidade do compost final. Tamén resolverá calquera dúbida da veciñanza.

## Apúntate á compostaxe

